

## Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia<sup>1</sup>.

A Constitución no seu artigo 36 reconece a existencia de colexios profesionais, remitindo á lei a regulación das peculiaridades do seu réxime xurídico e establecendo a premisa do carácter democrático da súa estrutura interna e réxime de funcionamento.

O recoñecemento constitucional que diferencia os colexios profesionais ten reflexo na xurisprudencia do Tribunal Constitucional, xurisprudencia que vén sinala-la liberdade do lexislador, dentro dos límites constitucionais e da natureza e fins dos colexios, para optar por unha configuración determinada, non habendo contido esencial que preservar, salvo as propias esixencias de actuación e funcionamento democráticos (STC 89/1989, do 11 de maio, e STC 83/1984).

O propio Tribunal Constitucional, na súa Sentencia 76/1983, do 5 de agosto de 1983, declarou que «correspóndelle á lexislación estatal fixa-los principios e regras básicas ós que axustarán a súa organización e competencias as corporacións de dereito público representativas de intereses profesionais».

A Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico, sinala no seu artigo 15.2: «As corporacións de dereito público representativas de intereses profesionais que existan ou se constituán no territorio de cada Comunidade Autónoma axustarán a súa organización e competencias ós principios e regras básicas establecidas na lexislación do Estado, para as ditas entidades, sen prexuízo de calquera outra competencia que poida atribuírlles ou delegárle-la Administración autonómica».

Neste marco competencial debe encadrarse o disposto no artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que dispón: «No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas seguintes materias: confrarías de pescadores, cámaras da propiedade, agrarias, de comercio, industria e navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución».

Pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transferíronse, no seu artigo 5, competencias de desenvolvemento lexislativo e execución, no marco da lexislación básica do Estado, en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

Polo Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado en materia de colexios oficiais ou profesionais, traspásanselle á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións que realiza a Administración do Estado en relación cos colexios oficiais e profesionais con ámbito territorial exclusivamente compartido dentro do territorio propio da Comunidade, reservando para si o Estado o establecemento das bases de réxime xurídico dos colexios oficiais ou profesionais

A lexislación estatal está composta pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, modificada pola Lei 74/1978, do 26 de decembro, e principalmente pola Lei 7/1997, do 14 de

<sup>1</sup> Publicada no DOG Núm. 189, 28 de setembro de 2001.

abril, lei esta última que na súa disposición adicional regula, ó abeiro das cláusulas 1ª e 18ª do artigo 149.1 da Constitución, os preceptos da Lei 2/1974 que teñen carácter básico. A última modificación produciuse recentemente co Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servicios.

Esta lei, que se dicta en desenvolvemento das bases contidas na lexislación do Estado, busca elimina-las dificultades que presenta o carácter preconstitucional da lexislación do 74, a pesar das súas modificacións, así como reforza-las funcións públicas dos colexios profesionais, preve-los instrumentos de colaboración entre a Xunta de Galicia e os colexios e consellos galegos e adapta-las previsións da lexislación estatal á actualidade da nosa Comunidade Autónoma.

Esta lei consta de 33 artigos, divididos en cinco capítulos, nos que sen prexuízo da determinación do réxime legal dos colexios profesionais se atende especialmente ó respecto á súa autonomía de funcionamento.

O capítulo I, relativo ó ámbito de aplicación e ó exercicio das profesións, recolle as competencias da Comunidade Autónoma.

O capítulo II regula en detalle aspectos parcamente regulados na lexislación estatal, como o exercicio das competencias administrativas, as súas funcións ou relacións coa administración, recollendo así mesmo os criterios manifestados pola xurisprudencia en cuestións como a apreciación do interese público para a creación dos colexios, a posible extensión destes ás actividades profesionais ou o alcance da intervención da administración na aprobación dos estatutos dos colexios.

O capítulo III regula os consellos galegos de colexios profesionais, avanzando na regulación que deles se fixera xa polo Decreto 161/1997, do 5 de xuño.

O capítulo IV recolle unha serie de disposicións comúns ós colexios profesionais e consellos galegos, completando a concisa regulación estatal en materia de réxime xurídico, recursos e medios instrumentais.

O capítulo V dedícalle o seu único artigo, o 33, ó rexistro de colexios e consellos galegos de colexios profesionais, xa creado polo citado Decreto 161/1997, do 5 de xuño.

Por último, as disposicións adicionais, transitoria e derradeiras diríxense a permiti-la progresiva adaptación dos colexios ás disposicións da lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1993, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei, a Lei de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

## Capítulo I

### Disposicións xerais

#### Sección 1ª

#### Ámbito de aplicación. Exercicio das profesións

##### Artigo 1.-Ámbito de aplicación.

Esta lei élle aplicable ós colexios profesionais que desenvolvan a súa actividade exclusivamente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, que se rexen, no marco da lexislación básica estatal, por esta lei e as súas normas de desenvolvemento, polas súas leis de creación e polos seus estatutos e regulamentos de réxime interior.

##### Artigo 2. Exercicio das profesións<sup>2</sup>.

1. A Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da súa competencia, garante o exercicio das profesións colexiadas de conformidade co disposto nas leis. Enténdese por profesión colexiada aquela na que se require a colexiación para o seu exercicio.

2. O exercicio das profesións colexiadas realizarase en réxime de libre competencia e estará suxeito, en canto á oferta de servizos e á fixación da súa remuneración, ás normas de transposición da Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, á lexislación sobre defensa da competencia e á lexislación sobre a competencia desleal. Os demais aspectos do exercicio profesional continuarán rexéndose pola lexislación xeral e específica sobre a ordenación substantiva propia de cada profesión aplicable.

En todo caso, os requisitos que obriguen a exercer de forma exclusiva unha profesión ou que limiten o exercicio conxunto de dúas ou máis profesións, así como as restricións ás comunicacións comerciais nas profesións colexiadas, serán só os que se establezan expresamente por lei.

3. É requisito para o exercicio das profesións con obriga legal de colexiación estar inscrito no colexio correspondente. A cota de inscrición ou colexiación non poderá superar en ningún caso os custos asociados á tramitación da inscrición. Os colexios dispoñerán os medios necesarios para que os solicitantes poidan tramitar a súa colexiación por vía telemática.

4. Cando unha profesión se organice por colexios territoriais, bastará a incorporación a un só deles, que será o do domicilio profesional único ou principal.

No caso de desprazamento temporal dun profesional da Unión Europea precisarase, para exercer en calquera parte de Galicia, dunha comunicación previa ao colexio profesional galego, sen

<sup>2</sup> Redacción do artigo 2 dada polo artigo 2 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).

prexuízo do que establezan a lexislación estatal e a normativa vixente en aplicación do dereito comunitario, en particular a relativa ao recoñecemento de cualificacións<sup>3</sup>.

5. Para o exercicio efectivo da función de control da actividade dos colexiados, en beneficio dos consumidores, os colexios adoptarán os sistemas de cooperación administrativa entre autoridades competentes previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

No marco deste sistema de cooperación, os colexios non lles poderán exixir aos profesionais que exerzan nun territorio diferente ao de colexiación ningunha comunicación nin habilitación, nin o pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que exixan habitualmente aos seus colexiados pola prestación dos servizos dos que sexan beneficiarios e que non se encontren cubertos pola cota colexial.

6. Toda persoa que estea en posesión da titulación adecuada e reúna os requisitos establecidos polos correspondentes estatutos terá dereito a ser admitida no colexio profesional correspondente

#### Artigo 3. Profesionais ao servizo da administración<sup>4</sup>.

1. Os profesionais titulados vinculados coa administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral non precisarán estar colexiados para o exercicio de funcións puramente administrativas nin para a realización de actividades propias da correspondente profesión por conta da administración á que pertenzan.

2. Non obstante, será obrigatoria a colexiación para os profesionais médicos e os demais profesionais de ciencias da saúde ao servizo das administracións públicas cuxas funcións comprendan a realización de actos profesionais que teñan como destinatarios inmediatos os usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como tamén para o exercicio da actividade privada<sup>5</sup>.

3 Segundo parágrafo do apartado 4 do artigo 2 declarado inconstitucional e nulo pola sentenza do TC (Pleno) núm. 62/2017, do 25 de maio (Recurso de inconstitucionalidade 8260/2010 promovido polo Presidente do Goberno contra determinados preceptos da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, por vulnerar o orde de distribución de competencias en materia de colexios profesionais) (BOE núm. 156, do 1 de xullo de 2017).

4 Redacción do artigo 3 dada polo artigo 2 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).

5 Apartado segundo do artigo 3 declarado inconstitucional e nulo pola sentenza do TC (Pleno) núm. 62/2017, do 25 de maio (Recurso de inconstitucionalidade 8260/2010 promovido polo Presidente do Goberno contra determinados preceptos da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, por vulnerar o orde de distribución de competencias en materia de colexios profesionais) (BOE núm. 156, do 1 de xullo de 2017).

## Capítulo II

### Dos colexios profesionais

#### Sección 1ª

##### Natureza. Réxime de funcionamento.

##### Exercicio de competencias administrativas

Artigo 4.-Natureza xurídica.

Os colexios profesionais e os consellos galegos de colexios son corporacións de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 5.-Estructura interna e réxime de funcionamento.

A estrutura interna e o funcionamento dos colexios profesionais e dos consellos galegos de colexios deberán ser democráticos.

Artigo 6.-Relacións coa Administración autonómica.

Os colexios profesionais, nas cuestións relativas ós aspectos institucionais e corporativos considerados nesta lei, relacionaranse coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a través da consellería competente en materia de colexios profesionais, e nas cuestións referentes ó contido de cada profesión, a través da consellería ou consellerías competentes ó respecto.

Artigo 7.-Exercicio de competencias e colaboración coa administración.

1. Os colexios profesionais exercerán, ademais das súas funcións propias, as funcións administrativas que lles atribúa a lexislación estatal e autonómica e as competencias administrativas que lles delegue o correspondente órgano da administración. O acto de delegación deberá estar autorizado mediante unha disposición legal ou regulamentaria.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia poderalles encomendar ós colexios profesionais, a través do correspondente convenio, a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da súa propia competencia, segundo os termos do artigo 15 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración cos colexios profesionais para a realización de actividades de interese común e para a promoción de actuacións orientadas á defensa do interese público e, en especial, dos usuarios dos servizos profesionais dos colexiados.

## Sección 2ª

### Fins e funcións

#### Artigo 8.-Fins.

1. De acordo coa lexislación estatal reguladora dos colexios profesionais, os regulados por esta lei terán como fins esenciais a ordenación do exercicio das profesións dentro do marco legal respectivo, a representación delas, a defensa dos intereses profesionais dos colexiados e a protección dos intereses dos consumidores e usuarios polos servizos dos seus colexiados, todo isto sen prexuízo da competencia da administración pública por razón da relación funcional<sup>6</sup>.

Ademais, terán os seguintes fins:

a) Velar pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio das correspondentes profesións.

b) Logra-la constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados, promovendo a formación e o perfeccionamento deles.

c) Cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención de títulos habilitantes para o exercicio das correspondentes profesións.

d) Colaborar coas administracións públicas no exercicio das súas competencias, nos termos previstos na lexislación vixente.

2. O disposto no apartado anterior enténdese sen prexuízo da competencia da administración pública por razón da relación funcional.

#### Artigo 9.-Funcións.

Para o cumprimento dos seus fins, os colexios profesionais exercerán as funcións encomendadas na lexislación básica do Estado, e como propias as seguintes:

a) Exercer no seu ámbito a representación e defensa da profesión.

b) Ordenar no marco da súa competencia a actividade dos seus colexiados, velando pola ética e dignidade profesional deles así como conciliando os seus intereses co interese social e cos dereitos dos cidadáns.

c) Exerce-la potestade disciplinaria sobre os profesionais colexiados, nos termos previstos nesta lei e nos seus propios estatutos.

<sup>6</sup> Redacción do parágrafo primeiro da alínea 1 do artigo 8 dada polo artigo 2 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).

- d) Exercita-las accións legais e adopta-las medidas necesarias para evita-lo intrusismo profesional e a competencia desleal.
- e) Cantas funcións redunden en beneficio da protección dos intereses dos consumidores e usuarios polos servizos dos seus colexiados<sup>7</sup>.
- f) Encargarse do cobramento das percepcións, remuneracións ou honorarios profesionais, cando o colexiado o solicite libre e expresamente, nos casos nos que o colexio profesional teña creados os servizos adecuados e nas condicións que se determinen nos estatutos de cada colexio.
- g) Establecer e esixi-las achegas económicas dos colexiados.
- h) Elaborar e aproba-los seus orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como as súas contas e liquidacións orzamentarias.
- i) Visa-los traballos profesionais dos colexiados cando así se estableza expresamente nos estatutos. O visado non comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais, que se determinarán por libre acordo das partes<sup>8</sup>.
- j) Organizar actividades dirixidas á formación e ó perfeccionamento profesional dos colexiados.
- k) Participar de forma activa coas entidades de formación dos futuros titulados na mellora dos plans de estudo e na preparación destes.
- l) Organizar actividades e servizos comúns de carácter profesional, cultural, asistencial, de previsión e análogos que sexan de interese para os colexiados, así como de cobertura de posibles responsabilidades civís contraídas por eles no exercicio da súa profesión.
- m) Intervir como mediador nos conflitos profesionais que xurdan entre os colexiados.
- n) Relacionarse e coordinarse con outros colexios profesionais, así como cos consellos galegos de colexios.
- o) Emitir informe sobre aqueles proxectos de normas que elabore a Comunidade Autónoma de Galicia que afecten os profesionais que agrupen ou se refiran ós fins ou funcións a eles encomendados.
- p) Participar nos órganos consultivos da Administración de Galicia cando esta o requira ou así se estableza na normativa vixente e designar representantes en calquera xulgado ou tribunal nos que se esixan coñecementos relativos a materias específicas, sempre que sexan requiridos para iso nos termos establecidos na Lei de axuízamento civil.

7 Redacción da alínea e) do artigo 9 dada polo artigo 2 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).

8 A redacción da alínea i) do artigo 9 foi modificada polo artigo 2 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010), e posteriormente declarada inconstitucional e nula pola STC núm. 62/2017, do 25 de maio, xa citada (BOE núm. 156, do 1 de xullo de 2017).

- q) Emitir informes e dictames, de carácter non vinculante, en procedementos xudiciais ou administrativos nos que se susciten cuestións que afecten materias da competencia profesional.
- r) Colaborar coas administracións públicas en materia das súas competencias, de acordo coas disposicións vixentes.
- s) Garanti-la prestación da función polos profesionais Colexiados.
- t) Actuar como árbitro nos conflitos entre os Colexiados e terceiros, cando así o soliciten ámbalas partes.
- u) Cantas outras funcións repercutan en beneficio dos intereses profesionais dos Colexiados e se encamiñen ó cumprimento dos fins Colexiais.
- v) Atender as solicitudes de información sobre os seus Colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas, así como as peticións de inspección ou investigación que lles formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea nos termos previstos na Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio<sup>9</sup>.

#### Artigo 10.-Deontoloxía profesional.

1. Os profesionais integrados nos Colexios profesionais respectivos deben ter como guía da súa actuación o servizo á comunidade e o cumprimento das obrigas deontolóxicas propias da profesión.
2. Constituirá conducta sancionable o incumprimento das normas deontolóxicas da profesión respectiva. Os Colexiados non poderán ser sancionados por accións ou omisións que non estean tipificadas como faltas nos correspondentes estatutos. A imposición de sancións requirirá a previa instrución dun procedemento disciplinario, rexéndose a tramitación deste polo disposto nos estatutos.

#### Artigo 10 bis. Portelo único<sup>10</sup>.

1. As organizacións Colexiais dispoñerán dunha páxina web e colaborarán coas administracións públicas no necesario para que, a través do portelo único previsto na Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, os profesionais poidan realizar todos os trámites necesarios para a Colexiación e para se daren de baixa nun Colexio, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia. Concretamente, as organizacións Colexiais farán o necesario para que a través deste portelo único os profesionais poidan:

<sup>9</sup> Alínea v) no artigo 9 engadida polo artigo 2 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).

<sup>10</sup> Artigo 10 bis engadido polo artigo 2 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).



a) Obter toda a información e os formularios necesarios para o acceso e o exercicio da súa actividade profesional.

b) Presentar toda a documentación e as solicitudes necesarias.

c) Coñecer o estado de tramitación dos procedementos nos que teña a condición de interesado e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a resolución deles polo colexio profesional, incluída a notificación dos expedientes disciplinarios cando non fose posible por outros medios.

d) Convocar os colexiados e as colexiadas ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias e poñer no seu coñecemento a actividade pública e privada do colexio profesional.

2. A través do referido portelo único as organizacións colexiais ofreceranlles aos consumidores e usuarios a seguinte información, que deberá ser clara, inequívoca e gratuíta:

a) Os medios e as condicións de acceso aos rexistros públicos de profesionais colexiados.

b) As vías de reclamación e os recursos que se poderán interpoñer en caso de conflito entre un colexiado e un destinatario do servizo profesional.

c) O acceso ao Rexistro de colexiados e colexiadas, que estará permanentemente actualizado e no que constarán, polo menos, os seguintes datos: o nome e os apelidos dos profesionais colexiados, o número de colexiación, os títulos académicos oficiais, o enderezo profesional e a situación de habilitación profesional.

3. As corporacións colexiais deberán adoptar as medidas necesarias para o cumprimento do previsto neste artigo e incorporar para iso nos seus respectivos ámbitos tecnoloxías compatibles que garantan o intercambio de datos.

Artigo 10 ter. Memoria anual<sup>11</sup>.

1. As organizacións e corporacións colexiais estarán suxeitas ao principio de transparencia na súa xestión. Para iso, cada organización colexial deberá elaborar unha memoria anual que conteña, polo menos, a seguinte información:

a) Informe anual de xestión económica, no que se inclúan os gastos de persoal suficientemente desagregados e especifiquen as retribucións dos membros da xunta de goberno por razón do seu cargo.

b) Importe das cotas aplicables aos conceptos e servizos de todo tipo, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

<sup>11</sup> Artigo 10 ter engadido polo artigo 2 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos sancionadores concluídos, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e, se é o caso, da sanción imposta, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

d) Información agregada e estatística relativa ás queixas e ás reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios, á súa tramitación e, se é o caso, aos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

e) Contido dos seus códigos de conduta no caso de dispoñer deles.

f) As situacións de conflito de intereses nas que se encontren os membros das xuntas de goberno.

g) Información estatística sobre a actividade de visado.

Nos casos pertinentes, os datos presentaranse desagregados territorialmente por corporacións.

2. A memoria anual deberase facer pública no primeiro trimestre de cada ano.

3. Os colexios e os consellos autonómicos subministraranlle ao consello xeral a información necesaria para a elaboración da memoria correspondente ao conxunto da organización colexial.

Artigo 10 quater. Servizo de atención aos consumidores ou usuarios e aos colexiados<sup>12</sup>.

1. Os colexios profesionais dispoñerán dun servizo de atención aos consumidores ou usuarios e aos colexiados que necesariamente tramitará e resolverá cantas queixas referidas á actividade colexial ou dos colexiados sexan presentadas por calquera usuario ou profesional colexiado, así como por organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa de intereses colectivos.

2. O servizo de atención aos consumidores ou usuarios e aos colexiados poderá resolver sobre a solicitude iniciando a vía da arbitrase de consumo, abrindo un procedemento sancionador, arquivando ou adoptando calquera outra decisión que, se é o caso, corresponda.

3. A regulación deste servizo deberá prever a presentación de queixas e reclamacións por vía telemática.

<sup>12</sup> Artigo 10 quater engadido polo artigo 2 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).

### Artigo 10 quinquies. Visado<sup>13</sup>.

1. Os colexios profesionais terán á disposición dos consumidores e usuarios, prestado con medios propios ou alleos, un servizo de visado dos traballos realizados polos seus colexiados<sup>14</sup>.
2. O visado garante, polo menos, a corrección e integridade formal da documentación do traballo profesional, o cumprimento das normas sobre especificacións técnicas, así como a observancia do resto da normativa aplicable ao traballo de que se trate. Non comprenderá en ningún caso os honorarios nin as demais condicións contractuais, cuxa determinación queda suxeita ao libre acordo entre as partes<sup>15</sup>.
3. No caso de danos derivados dos traballos que visase o colexio, nos que resulte responsable o autor destes, o colexio responderá subsidiariamente en canto os danos teñan a súa orixe en defectos formais ou técnicos que razoablemente deberían ter sido postos de manifesto polo colexio ao visar o traballo profesional<sup>16</sup>.
4. Cando o visado veña imposto pola lei, o seu prezo axustarase ao custo do servizo, que deberá ser razoable, non abusivo nin discriminatorio. Os colexios profesionais farán públicos os prezos dos visados dos traballos, que poderán tramitarse por vía telemática».

### Artigo 10 sexies. Limitacións ás recomendacións sobre honorarios<sup>17</sup>.

1. Os colexios profesionais e as súas organizacións non poderán establecer baremos orientativos de honorarios nin calquera outra orientación, recomendación, directriz, norma ou regra que impida, restrinja ou condicione a libre formación do prezo dos servizos prestados polos profesionais colexiados.
2. Non obstante, os colexios profesionais poderán elaborar criterios orientativos para os exclusivos efectos da taxación das custas e a xura de contas dos avogados.

Os devanditos criterios serán igualmente válidos para o cálculo de honorarios e dereitos para os efectos de taxación das custas na asistencia xurídica gratuíta.

<sup>13</sup> Artigo 10 quinquies engadido polo artigo 2 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).

<sup>14</sup> Apartado primeiro do artigo 10 quinquies declarado conforme co orde constitucional de competencias pola sentenza do TC (Pleno) núm. 62/2017, do 25 de maio, citada (BOE núm. 156, do 1 de xullo de 2017), sempre que se interprete nos termos do fundamento xurídico 7 ii) da citada sentenza: "El legislador autonómico ha previsto en la norma impugnada, que los colegios profesionales han de contar con un servicio de visado, debiendo entenderse que los colegios profesionales que deben contar con dicho servicio de visado son los que determina la base estatal, esto es los colegios de las profesiones técnicas".

<sup>15</sup> Apartado 2 do artigo 10 quinquies declarado inconstitucional e nulo pola sentenza do TC (Pleno) núm. 62/2017, do 25 de maio, xa citada.

<sup>16</sup> Apartado 3 do artigo 10 quinquies declarado inconstitucional e nulo pola sentenza do TC (Pleno) núm. 62/2017, do 25 de maio, xa citada.

<sup>17</sup> Artigo 10 sexies engadido polo artigo 2 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).

## Sección 3ª

### Creación

#### Artigo 11.-Constitución.

1. No ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, a creación de colexios profesionais farase por lei do Parlamento galego.<sup>18</sup>
2. Cando o exercicio da iniciativa lexislativa sexa do Consello da Xunta de Galicia, o correspondente anteproxecto de lei de creación farase por petición dos profesionais interesados e logo da apreciación por parte do Goberno autonómico do interese público concorrente na creación do colexio.
3. Unicamente poderá crearse un novo colexio profesional respecto daquelas profesións para o exercicio das que se esixa estar en posesión dun título académico oficial, e tamén respecto daquelas actividades profesionais nas que o seu exercicio estea condicionado á posesión dun título oficial que acredite a cualificación e habilite legalmente para o seu exercicio.
4. O ámbito territorial mínimo dos colexios de nova creación será a provincia.
5. Non se poderá constituír máis dun colexio profesional de idéntica profesión dentro dun mesmo ámbito territorial.

#### Artigo 12.-Personalidade xurídica.

Os colexios profesionais terán personalidade xurídica desde o momento no que entre en vigor a súa lei de creación e capacidade de obrar desde o momento no que se constituán os seus órganos de goberno.

<sup>18</sup> Poden citarse as seguintes leis de creación:

- Lei 12/1996, do 27 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia (DOG núm. 12, do 20 de xaneiro de 1997).
- Lei 3/1998, do 30 de xuño, de creación do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia (DOG núm. 127, do 3 de xullo de 1998).
- Lei 4/1998, do 30 de xuño, de creación do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia (DOG núm. 127, do 3 de xullo de 1998).
- Lei 2/1999, do 24 de febreiro, de creación do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (DOG núm. 47, do 9 de marzo de 1999).
- Lei 1/2001, do 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia (DOG núm. 23, do 1 de febreiro de 2001).
- Lei 3/2006, do 30 de xuño, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (DOG núm. 135, do 13 de xullo de 2006), modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010. Corrección de erros DOG núm. 45, do 8 de marzo de 2010).
- Lei 8/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (DOG núm. 238, do 13 de decembro de 2006), modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).
- Lei 9/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia (DOG núm. 239, do 14 de decembro de 2006), modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).
- Lei 10/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (DOG núm. 240, do 15 de decembro de 2006), modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).
- Lei 11/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia (DOG núm. 241, do 18 de decembro de 2006), modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).
- Lei 15/2007, do 13 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia (DOG núm. 247, do 24 de decembro de 2007), modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).
- Lei 1/2008, do 17 de abril, de creación do Colexio Profesional de Detectives Privados e Privadas de Galicia (DOG núm. 81, do 28 de abril de 2008), modificada pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010).
- Lei 3/2015, do 12 de xuño, de creación do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia (DOG núm. 127, do 8 de xullo de 2015)
- Lei 11/2016, do 19 de xullo, de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 140, do 26 de xullo de 2016).
- Lei 13/2016, do 26 de xullo, de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia (DOG núm. 143, do 29 de xullo de 2016).

#### Artigo 13.-Denominación.

1. A denominación dos colexios profesionais deberá responder á titulación oficial requirida para a incorporación dos seus compoñentes ou á profesión que desempeñen ou poidan desempeñar.

2. A denominación dos colexios profesionais non poderá coincidir nin ser similar á doutros colexios existentes ou susceptible de inducir a erro en canto

a quen sexan os profesionais integrados nese colexio profesional.

3. O cambio de denominación dun colexio profesional será por iniciativa do propio colexio, da Administración autonómica ou do consello galego respectivo, e deberá ser obxecto de informe polos colexios e consellos galegos que non exercitasen a iniciativa e polos que puidesen resultar afectados polo novo nome. A súa aprobación realizarase por medio de decreto do Consello da Xunta de Galicia.

#### Artigo 14.-Fusión.

1. A constitución dun novo colexio profesional por fusión de dous ou máis colexios ata entón correspondentes a distintas profesións ou actividades profesionais aprobarase por lei da Comunidade Autónoma de Galicia, por proposta dos colexios afectados, de acordo co establecido nos seus respectivos estatutos, logo do informe dos consellos galegos respectivos se estivesen constituídos.

2. A constitución dun novo colexio profesional pola fusión de dous ou máis deles da mesma profesión ou actividade profesional, sempre que non excedan o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, será acordada polos colexios profesionais afectados, de acordo co establecido nos seus respectivos estatutos, e aprobarase por decreto do Consello da Xunta de Galicia, logo do informe, se é o caso, do consello galego de colexios respectivo.

#### Artigo 15.-Segregación.

1. A segregación dun colexio doutro ou doutros no que se esixa, para o seu ingreso, a partir dese momento, titulación diferente á do colexio de orixe realizarase mediante lei, seguíndose os mesmos trámites que para a súa creación.

2. A modificación do ámbito territorial dos colexios profesionais por segregación requirirá o correspondente acordo do colexio afectado, de conformidade co establecido nos seus respectivos estatutos, e deberá ser aprobada por decreto, logo do informe do correspondente consello de colexios, se existise.

## Sección 4ª

### Estatutos

Artigo 16.-Elaboración e aprobación.

Os colexios profesionais gozarán de autonomía para a elaboración e aprobación dos seus estatutos, sen máis límites cós establecidos polo ordenamento xurídico. Os estatutos deberán asegurar que a estrutura interna e o funcionamento dos colexios sexan democráticos.

Artigo 17.-Contido.

Os estatutos dos colexios profesionais conterán, ademais das determinacións esixibles pola lexislación básica do Estado, as seguintes:

- a) Denominación, domicilio, sede e, se é o caso, delegacións, así como ámbito territorial do colexio profesional.
- b) Requisitos para a admisión no colexio e causas de denegación, debendo constar en todo caso a titulación oficial esixida.
- c) Causas de suspensión ou perda da condición de colexiado.
- d) Dereitos e deberes dos colexiados.
- e) Denominación, composición e forma de elección dos seus órganos de goberno, así como requisitos para formar parte deles.
- f) Procedemento para a remoción dos órganos de goberno por medio da moción de censura efectuada pola asemblea ou xunta xeral.
- g) Competencias e réxime de funcionamento da asemblea ou xunta xeral e dos demais órganos de goberno, tendo en conta os supostos nos que poidan producirse vacantes en máis da metade dos seus membros, e forma de adoptar acordos.
- h) Réxime económico-financeiro.
- i) Réxime de distincións e premios.
- j) Réxime disciplinario, con tipificación das infraccións e sancións nas que poidan incorrer os colexiados, así como procedemento sancionador.
- k) Réxime xurídico dos actos dos colexios e recursos contra eles nos termos previstos no artigo 31.
- l) Supostos e procedementos para instar á disolución do colexio e réxime de liquidación.

Artigo 18.-Deber de inscrición e comunicación.

1. Os colexios profesionais comunicaranlle á consellería competente en materia de colexios profesionais os estatutos aprobados, así como as súas modificacións para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación de legalidade, e inscrición no rexistro de colexios.

A aprobación definitiva deberá producirse no prazo máximo de seis meses; transcorrido o citado prazo sen declaración expresa, esta entenderase de carácter favorable. A resolución de carácter desfavorable, que deberá ser motivada, determinará a devolución dos estatutos.

Aprobados os estatutos, publicaranse no Diario Oficial de Galicia mediante orde da consellería competente en materia de colexios profesionais.

Cando se trate de colexios profesionais únicos co ámbito territorial da Comunidade Autónoma, a aprobación definitiva será competencia do Consello da Xunta de Galicia, publicándose no Diario Oficial de Galicia o decreto aprobatorio e os correspondentes estatutos e as súas modificacións.

2. Unha vez elixidos os membros dos órganos de goberno, comunicaráselle-la súa composición á consellería competente en materia de colexios profesionais e á consellería ou consellerías competentes por razón da profesión.

3. Os colexios profesionais comunicaranlle ó consello galego de colexios respectivo a composición dos seus órganos de goberno.

## Sección 5ª

### Organización

Artigo 19.-Organización mínima.

1. Son órganos esenciais da estrutura colexial:

- a) O órgano plenario.
- b) O órgano de goberno.
- c) O órgano presidencial.

2. Os estatutos poderán crear outros órganos xerarquicamente dependentes dos anteriores.

Artigo 20.-Órgano plenario.

1. A asemblea ou xunta xeral, integrada por tódolos colexiados, é o órgano soberano de decisión dos colexios profesionais.

2. A convocatoria, constitución, funcionamento e competencias das asembleas ou xuntas xerais determinaranse estatutariamente. Deberase realizar, cando menos, unha asemblea ou xunta xeral ó ano.

En todo caso, son competencias exclusivas do órgano plenario as seguintes:

- a) A aprobación e a reforma dos estatutos e das normas deontolóxicas colexiais.
- b) A elección do órgano de goberno e do seu presidente, e a remoción deles por medio da moción de censura.
- c) A aprobación dos orzamentos e das contas do colexio.
- d) A aprobación da xestión do órgano de goberno e do seu presidente.

Artigo 21.-Órgano de goberno.

1. A dirección e administración do colexio corresponderalle ó órgano de goberno e a súa denominación determinarase nos estatutos.

2. O órgano de goberno será sempre colexiado e estará composto, cando menos, polos seguintes membros:

a) O presidente, que terá a representación legal do colexio profesional, ademais das funcións que lle encomenden os estatutos, poderá tamén recibila denominación de decano ou calquera outra que lle outorguen os estatutos.

b) O secretario, que terá o carácter de fedatario dos actos e acordos do colexio.

c) Os vocais, en número necesario para o desenvolvemento das actividades que teña atribuídas o colexio correspondente e en función do número de colexiados adscritos a el.

3. A elección dos membros do órgano de goberno dos colexios profesionais farase por sufraxio universal, libre, directo e secreto. O voto poderase exercitar persoalmente ou por correo.

4. As normas sobre elección dos membros do órgano de goberno, a convocatoria de reunións, a composición e o funcionamento, o réxime de acordos e as súas competencias determinaranse nos respectivos estatutos, sen prexuízo da lexislación básica do Estado e desta lei.

Artigo 22.-Órgano presidencial.

1. O órgano presidencial terá a denominación que teña recollida nos estatutos, ten a representación do colexio, executa os acordos do órgano de goberno e exerce cantas facultades e funcións lle confiren os estatutos e a normativa vixente.



2. Corresponde a presidencia do órgano de goberno a quen lle corresponda a titularidade do órgano presidencial, salvo que os estatutos dispoñan outra cousa.

## Capítulo III

### Consellos galegos de colexios profesionais

#### Sección 1ª

##### Constitución e natureza

Artigo 23.-Constitución.

Os colexios profesionais dunha mesma profesión con ámbito territorial circunscrito ó da Comunidade Autónoma de Galicia poderán constituí-lo correspondente consello galego de colexios.

A creación esixirá o acordo favorable da maioría dos colexios afectados, sempre que estes representen a maioría dos colexiados da profesión en Galicia, e realizarse mediante decreto, que deberá así mesmo aproba-los correspondentes estatutos, de conformidade co sinalado no artigo 28.

O prazo para a tramitación do procedemento administrativo para a creación dun consello galego de colexios profesionais non poderá ser superior a seis meses.

Transcorrido o devandito prazo sen declaración expresa, entenderase de carácter favorable.

Artigo 24.-Natureza.

Os consellos galegos de colexios son corporacións de dereito público que adquirirán personalidade xurídica propia desde que entre en vigor o seu decreto de creación. A capacidade de obrar plena adquirirase desde a constitución dos seus órganos de goberno.

#### Sección 2ª

##### Fins e funcións

Artigo 25.-Fins.

Son fins dos consellos galegos de colexios profesionais os seguintes:

a) A coordinación dos colexios profesionais que os integren e a representación da profesión no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As relacións coas institucións e coa Administración autonómica, en especial co Goberno galego, para facilita-la mutua colaboración para a mellor satisfacción dos intereses sociais e profesionais dos que teñen encomendada a súa defensa.

c) Todos aqueles que, de acordo coa lei, os seus estatutos xerais e regulamentos establezan.

#### Artigo 26.-Funcións.

Os consellos galegos de colexios terán, ademais das funcións que determinen os seus estatutos, as seguintes:

a) Elabora-los seus propios estatutos e emitir informe sobre os dos colexios da profesión ou actividade de ámbito territorial inferior.

b) Coordina-la actuación dos colexios que o integren.

c) Representa-la profesión no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e perante os correspondentes consellos xerais, cando así se permita nas súas normas reguladoras.

d) Resolve-los conflitos que poidan suscitarse entre os distintos colexios, sen prexuízo do ulterior recurso contencioso-administrativo.

e) Exerce-las funcións disciplinarias respecto dos membros dos órganos de goberno dos colexios que o integren e dos do propio consello.

f) Elabora-las normas deontolóxicas comúns á profesión.

g) Elabora-lo orzamento e fixa-la participación dos colexios nos gastos do consello.

h) Emitir informe sobre os proxectos de normas ós que se refire o artigo 9.o) desta lei.

i) Exercer aquelas funcións que lles poidan ser delegadas ou encomendadas pola Comunidade Autónoma de Galicia e as que poidan ser obxecto dos correspondentes convenios de colaboración.

j) Realizar aquelas actividades que se consideren de interese para os profesionais e as demais funcións que lles atribúan a lexislación vixente e os seus estatutos.

#### Artigo 27.-Colexios profesionais únicos.

Os colexios profesionais únicos cun ámbito de actuación que coincida coa Comunidade Autónoma de Galicia desenvolverán as funcións descritas no artigo anterior, en tanto manteñan a dita natureza.

#### Artigo 28.-Estatutos.

1. Os estatutos de cada consello deberán ser elaborados polos colexios profesionais que o vaian integrar e aprobados por acordo das xuntas de goberno, que deberá de ser ratificado polas xuntas xerais de cada colexio. Será necesario o acordo favorable da maioría dos colexios afectados, sempre que estes representen a maioría dos colexiados da profesión en Galicia.
2. Os estatutos determinarán os órganos de goberno, a forma de elección dos seus integrantes, o réxime de competencias e funcionamento de cada consello, que en todo caso será democrático, así como as restantes funcións recollidas no artigo 9 desta lei que lles fosen aplicables a elas.
3. A súa aprobación efectuarase mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, logo da verificación da súa legalidade pola consellería competente en materia de colexios profesionais e do informe da consellería ou consellerías das que o ámbito competencial teña relación co contido da profesión.
4. O decreto aprobatorio e os correspondentes estatutos publicaranse no Diario Oficial de Galicia.
5. A modificación dos estatutos esixirá o mesmo procedemento cá súa aprobación, correspondéndolle-la iniciativa, así mesmo, ós órganos de goberno de cada consello.

### Sección 3ª

#### Extinción

#### Artigo 29.-Extinción.

A extinción dos consellos galegos de colexios terá lugar por iniciativa dos propios consellos ou da maioría dos colexios afectados que representen á súa vez a maioría dos colexiados da profesión, e de acordo co procedemento que se estableza nos estatutos do respectivo consello, e será aprobada mediante decreto, salvo que medien razóns de interese público que impidan tal aprobación.

## Capítulo IV

### Disposicións comúns a colexios e consellos

#### galegos de colexios profesionais

Artigo 30.-Réxime xurídico.

Os colexios profesionais e os consellos galegos de colexios profesionais, en canto corporacións de dereito público, están suxeitos ó dereito administrativo no relativo á constitución dos seus órganos e en canto exerciten funcións administrativas.

Artigo 31.-Recursos.

1. Contra os actos suxeitos ó dereito administrativo emanados do órgano de goberno dos colexios profesionais caberá recurso de alzada perante o correspondente consello galego dos colexios. En defecto de consello galego, nos casos de colexios únicos de ámbito autonómico e contra os actos administrativos dos órganos de goberno dos consellos galegos, caberá o recurso perante o consello xeral nacional soamente se así está previsto nos estatutos colexiais.

2. No suposto de actos e resolucións dictados en exercicio de competencias administrativas delegadas, haberá que atermos ós termos da propia delegación en canto ó órgano competente para coñecer se é o caso do recurso correspondente.

Artigo 32.-Medios instrumentais.

1. Cada colexio profesional e consello galego de colexios dispoñerá dos medios persoais e materiais que precise para o desenvolvemento da súa actividade. Os medios persoais dos consellos galegos de colexios serán facilitados polos colexios, salvo que os estatutos dispuxesen outra cousa.

2. Cada colexio profesional e consello galego de colexios dispoñerá do seu propio orzamento, que terá un carácter meramente estimativo e comprenderá tódolos ingresos e gastos previstos para cada ano natural.

3. Os colexios profesionais e os consellos galegos de colexios deberán ser auditados, na forma na que determinen os seus estatutos, cando se produza a renovación ordinaria, total ou parcial, dos seus órganos directivos, sen prexuízo da función fiscalizadora que lles corresponde ós organismos públicos legalmente habilitados para iso.

## Capítulo V

### Rexistro de colexios profesionais e de consellos galegos de colexios profesionais

Artigo 33.-Rexistro.

1. No rexistro de colexios profesionais e de consellos galegos de colexios profesionais inscribíranse, para os meros efectos de publicidade, os colexios profesionais e os consellos galegos de colexios incluídos no marco de aplicación desta lei, así como os seus estatutos.

2. Só poderá denegarse a inscrición no rexistro por razóns de legalidade, e sempre mediante resolución motivada do titular da consellería á que está adscrito o rexistro.

### Disposicións adicionais

Primeira.-Considéranse colexios profesionais de Galicia aqueles que teñan, á entrada en vigor desta lei, un ámbito territorial que non exceda da Comunidade Autónoma.

Segunda.

1. As delegacións galegas dos colexios profesionais de ámbito supraautonómico que dispoñan de órganos de goberno elixidos democraticamente poderán solicitar a súa inscrición no rexistro de colexios profesionais e de consellos de colexios de Galicia para os efectos de constancia e publicidade.

2. Unha vez inscritas, as delegacións galegas dos colexios profesionais de ámbito supraautonómico poderán manter coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia as relacións que procedan no que afecte os intereses profesionais.

Terceira.-Non se lles esixirá a previa incorporación ó colexio no suposto de libre prestación ocasional de servizos a aqueles nacionais dos estados membros da Unión Europea que estean previamente establecidos con carácter permanente en calquera dos mencionados estados, de acordo, en cada caso, co que dispoñan as normas comunitarias aplicables ás profesións afectadas, todo iso sen prexuízo da obriga de lle notificar a súa actuación ó colexio correspondente mediante a achega da documentación esixible segundo aquelas normas e nos termos que regulamentariamente se establezan.

Disposición transitoria

Os colexios profesionais galegos e os consellos galegos de colexios profesionais que estivesen constituídos á entrada en vigor desta lei adaptarán os seus estatutos a ela no prazo dun ano. O incumprimento desta obriga supoñerá singularmente a denegación das solicitudes de inscrición no rexistro de colexios profesionais e dos consellos galegos de colexios profesionais. Ademais, a administración poderá suspender tanto as delegacións de competencias coma a eficacia dos convenios subscritos ó abeiro do artigo 7 desta lei.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o Consello da Xunta de Galicia para que desenvolva regulamentariamente esta lei.

Segunda.-Esta lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezaioito de setembro de dous mil un.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente